

UNIDADE

2

O nacemento de Europa

ÍNDICE DE CONTIDOS

1. A FLEXIÓN NOMINAL

2. O ARTIGO

3. A PRIMEIRA DECLINACIÓN

4. O PRESENTE DE εἰμί E λύω


5. O MITO GREGO E A LITERATURA

6. ETAPAS DA CIVILIZACIÓN GREGA I

7. A INFLUENCIA DO VOCABULARIO GREGO

Entramos no estudo propiamente dito da morfoloxía. Igual que en latín, **debes coñecer os paradigmas** de cada declinación ou conjugación. Para iso é conveniente escribilos varias veces con exemplos distintos dos que veñen nesta guía, así como observar os trazos característicos dunha declinación, como, por exemplo, que o nominativo e vocativo de singular son case sempre iguais, que o acusativo case sempre remata en -ν, que os xenitivos de plural rematan en -ων, etc.

Como podes observar, en todas as leccións hai un apartado dedicado ao estudo do léxico cos seus correspondentes exercicios. **A etimoloxía dunha palabra é a explicación da súa orixe:** por exemplo, "veciño" procede do latín *vicinus*; "xeografía" procede do grego γῆ ("terra") e γράφω ("escribir").



As palabras teñen un significado habitual (que é o que vén no dicionario) e un significado etimolóxico (o que indican os termos que a compoñen): por exemplo, "hecatombe", no seu uso máis corrente, significa "mortalidade de persoas"; pero o seu significado etimolóxico, como composto de ἑκατόν ("cen") e βοῦς ("boi") é o de "sacrificio de cen bois". Ás veces, como en *vicinus* / veciño o significado etimolóxico e o habitual é o mesmo; outras veces, como en "hecatombe", non. Coñecer o significado etimolóxico das palabras axúdanos a ter unha noción máis precisa do seu significado habitual.

Por certo, "etimoloxía" procede dos termos gregos ἔτυμος ("auténtico") e λόγος ("palabra") e significaría "sentido auténtico da palabra".

Cando se che pida a etimoloxía dunha palabra debes facelo indicando o termo ou termos gregos que a compoñen e explicando o que eses termos significan, como acabamos de facelo para "etimoloxía", "hecatombe" ou "veciño".

Para o estudo das etapas da civilización grega, podes seguir a metodoloxía dos teus estudos de historia: preparando cadros esquemáticos que che axuden a recordar e relacionar os feitos máis importantes, facer un pequeno vocabulario de personaxes, feitos ou lugares relevantes.

Nesta unidade verás, ademais dun breve estudo dos mitos, os trazos da civilización cretense, que xunto á micénica que a seguiu constitúen a base máis profunda da cultura europea.

1. A flexión nominal

1.1. O sistema de flexión

A nosa lingua posúe un sistema flexivo que permite modificar as terminacións dalgúns tipos de palabras para marcar:

- O xénero ou o número de substantivos, adxectivos e pronomes: bo, boa, etc.
- O número ou a persoa das formas verbais: canto, cantas; cantabas, cantabamos, etc.

Así pois, segundo teñan ou non esta facultade de 'flexión', as palabras clasifícanse en:

- Palabras flexivas ou variables: substantivos, verbos, pronomes adxectivos, artigos.
- Palabras non flexivas ou invariables: adverbios, preposicións, conxuncións, interxeccións, partículas.

1.2. A flexión sintáctica das linguas indoeuropeas

O grego clásico, como lingua de orixe indoeuropea, é unha **lingua flexiva**. Iso significa, basicamente, que as palabras poden recibir sufixos e desinencias que cambian a súa categoría gramatical (xénero, número, etc.). Pero, a diferenza das nosas linguas románicas, as súas formas nominais posúen un sistema flexivo, polo que a unha mesma raíz ou tema engádenselle diferentes terminacións ou casos para marcar as funcións sintácticas das palabras dentro da frase.

Mediante este tipo de flexión, **as palabras van cambiando as súas terminacións segundo cumpren función** de Sujeito, de Complemento Directo, Complemento Indirecto, etc.

1.3. Pegadas da flexión sintáctica en galego

A nosa lingua é tamén flexiva. Pero o xogo de desinencias que se aplican a substantivos e adxectivos en galego é pouco numeroso.

O galego, aínda que perdeu esta posibilidade, aínda conserva a súa pegada, por exemplo, nos pronomes persoais herdados do latín. Ao variar estes a súa función sintáctica, parecen desdobrase en varias formas, aínda que percibimos que seguen aludindo a unha mesma realidade ou obxecto. Así, as formas dos pronomes 'eu', 'el', só se utilizan para a función de Suxeito ou Predicado Nominal, fronte a outras formas como 'me' e 'che' ou 'min' e 'o', que posúen outras funcións

Outros idiomas:

Algúns idiomas modernos da nosa contorna europea, como o grego moderno ou o alemán, manteñen de forma parcial un sistema de casos e de declinacións nas súas respectivas linguas.

1.4. Definición, nome e función dos casos

O caso é unha categoría gramatical, un recurso morfosintáctico do grego e doutras linguas -latín, alemán, ruso- para indicar as funcións sintácticas de substantivos, adxectivos e pronomes na oración.

Consiste en pór a unha mesma raíz terminacións diferentes para distinguir a súa función na frase. Por exemplo, se queremos que o substantivo λόγο 'palabra' sexa o suxeito dunha frase, escribireámolo así: λόγος; en cambio, se esta mesma palabra ha de ter a función de obxecto directo poremos a mesma raíz pero con terminación distinta: λόγον.

Cada unha desas variantes (λόγος, λόγον) é **un caso**.

En grego **hai cinco casos**, cinco variantes para cada palabra, cuxos nomes son:

nominativo, vocativo, acusativo, xenitivo e dativo.

Estas son as súas funcións máis importantes (máis adiante veremos outras):



CASO	FUNCIÓN
Nominativo	Suxeito; Atributo, Complemento Predicativo
Vocativo	Chamada ou invocación
Acusativo	Complemento Directo
Xenitivo	Complemento do Nome; Circunstanciais (lugar de onde, ...)
Dativo	Complemento Indirecto e Circunstanciais

As **terminacións son diferentes -como sucede nos verbos- en singular, plural e dual, que son os tres números gramaticais do grego**. O **dual** é un número pouco usado que indica a agrupación de cousas de dúas en dúas; por exemplo, os dous ollos, os dous cabalos que tiran dun carro. Tamén estas terminacións dos casos son ás veces diferentes segundo o xénero gramatical -masculino, feminino ou neutro- da palabra en cuestión.

1.5. As declinacións

O conxunto das variantes de caso dun substantivo, adxectivo ou pronome chámase declinación.

A declinación é a estas clases de palabras o que a conxugación aos verbos; e o mesmo que os verbos forman conxugacións, os substantivos e adxectivos forman declinacións.

Todos os substantivos e adxectivos gregos están agrupados en tres declinacións. Dita agrupación vén dada pola terminación da raíz ou do tema (raíz máis sufixo temático) da palabra. É, pois, independente do seu xénero gramatical.

Estrutúranse así:

- **Á primeira** pertencen todos os substantivos e adxectivos de raíz rematada en *α* ou en *η*, polo que tamén se chama **declinación de temas en α**.

Exemplos: οἰκία 'casa', κεφαλή 'cabeza', δόξα 'opinión'.

- **A segunda** contén todos os de tema rematado en *ο* e recibe o nome de **declinación temática**, porque dita o chámase vogal temática ou de unión entre a raíz e a desinencia.

Exemplos: λόγο 'palabra', ὁδó 'camiño', φύλλο 'folla'

➤ **A terceira** recolle o resto, é dicir, os rematados nas vogais ι, υ, ditongo, ou en consoante. Chámase esta **declinación aтемática**, porque a raíz se une á desinencia directamente, sen vogal de unión.

Exemplos: en vogal ι: πόλι 'cidade'
 en vogal υ: μῦ 'rato'
 en ditongo: βασιλεύ 'rei'
 en consoante: γύπ 'voitre'.

2. O artigo

2.1. Definición do artigo

O artigo é o compañeiro exclusivo do substantivo. Tan estreita é a súa relación, que só pode ir xunto a palabras que sexan substantivos ou, dito doutro xeito, toda palabra (ou grupo de palabras) acompañada de artigo convértese automaticamente en substantivo.

O artigo grego e o galego son na súa orixe e na súa función moi parecidos: ambos foron antigos demostrativos e ambos se transformaron en acompañantes do substantivo **para indicar o seu xénero e o seu número, e, no grego, tamén o seu caso**. Debido a esta relación o artigo grego é un instrumento moi útil para o principiante, pois permite recoñecer a función do substantivo co que vai, así como o seu xénero e número, aínda sen ter un coñecemento completo das declinacións, e axuda a resolver as dúbidas nas palabras difíciles.

2.2. Forma do artigo

O artigo grego, igual que o das nosas linguas e ao contrario que o inglés, distingue xénero e número. **Carece de vocativo.**

A súa forma, que garda certo parecido coas terminacións da primeira e segunda declinacións, é como segue.

SINGULAR	MASCULINO	FEMININO	NEUTRO
NOMINATIVO	ὁ	ἡ	τό
ACUSATIVO	τόν	τήν	τό
XENITIVO	τοῦ	τῆς	τοῦ
DATIVO	τῷ	τῇ	τῷ

PLURAL	MASCULINO	FEMININO	NEUTRO
NOMINATIVO	οἱ	αἱ	τά
ACUSATIVO	τούς	τάς	τά
XENITIVO	τῶν	τῶν	τῶν
DATIVO	τοῖς	ταῖς	τοῖς

2.3. Uso do artigo

Como dixemos, o artigo grego úsase basicamente igual que o castelán e galego, aínda que convén facer algunhas precisións:

- O grego non ten artigo indeterminado; marca dita función simplemente coa ausencia do propio artigo. É dicir, se hai artigo tradúcese polo artigo determinado das nosas linguas; se non, polo indeterminado.

Exemplo: ἡ θύρα 'a porta', pero θύρα 'porta' ou 'unha porta'.

- Non se pon artigo co atributo, nin en frases sentenciosas.

Exemplos: ἡ γυνή ἐστι ἀγαθή 'a muller é boa',

οὐκ ἀγαθὸν ἡ πολυκοιρανία 'non é bo o mando de moitos '.

(Nas nosas linguas tampouco se usa o artigo en refráns como 'can ladrador pouco mordedor' ou 'ano de neves, ano de bens')

- Cos nomes propios en grego pódese poñer ou non, pero nunca se traducirá ao castelán ou ao galego.

Exemplo: ὁ Σωκράτης tradúcese 'Sócrates', non 'o Sócrates '.

- O artigo neutro singular tradúcese por 'o' cando vai con adxectivos substantivados:

τὸ ἀγαθόν 'o bo', τὸ καλόν 'o belo '.

O neutro plural, cando acompaña a un adxectivo substantivado, pódese traducir 'as cousas...':

τὰ ἀγαθὰ 'as cousas boas', τὰ καλά 'as cousas belas'.

- Cando un termo grego e o seu correspondente español ou galego non teñen o mesmo xénero, cada un levará o artigo que lle corresponda na súa lingua.

Exemplo: o feminino grego ἡ ὁδός traducirase polo masculino 'o camiño'; o masculino grego ὁ λόγος, polo feminino 'a palabra'.

- Como dixemos, o artigo ten unha gran capacidade substantivadora. Pode substantivar adxectivos: οἱ πλούσιοι 'os ricos'; infinitivos: τὸ ἐσθίειν 'o comer'; ou sintagmas preposicionais: οἱ ἐν Σαλαμίνι 'os que están en Salamina' ('os de Salamina'); ou incluso unha oración enteira: (τὸ Δαρείου καὶ Παρυσάτιδος γίγνονται παῖδες δύως

Ἡ ἀναβάσεως ἀρχή ἐστι 'ο δε' (ou a frase que di) "de Darío e Parisátide nacen dous fillos" é o comezo da *Anábasis*).

- O xiro ὁ μὲν... ὁ δέ (ou en calquera outro caso, τοῦ μὲν... τοῦ δέ, οἱ μὲν... οἱ δέ) tradúcese 'un... o outro' ('dun... doutro', '(os) uns... os outros'). É un resto da época na que ὁ ἢ τό eran demostrativos. Podemos atopar só o segundo elemento ὁ δέ, οἱ δέ, que traduciremos 'pero el, pero eles'.

2.4. Posición do artigo

A posición do artigo respecto do adxectivo pode modificar o seu valor.

- a) O artigo pode proceder ao adxectivo de dúas maneiras οἱ ἀγαθοὶ ἀγροί, ou ben οἱ ἀγροὶ οἱ ἀγαθοί, dando a este un valor atributivo –substantivo e adxectivo forman unha unidade sintagmática– e traducirase 'os bos campos'.
- b) Se o artigo non precede ao adxectivo inmediatamente, por exemplo en οἱ ἀγροὶ ἀγαθοί, dálle un valor predicativo, é dicir, forman dous sintagmas e traducirase como unha oración copulativa co verbo sobreentendido: 'os campos (son) bos'.

✓ Realiza a πρῶξις 1

3. A primeira declinación

3.1. Variantes da primeira declinación

Á primeira declinación pertencen, como dixemos, todas as palabras cuxo tema acaba en α . Pero en xónico-ático hai unha tendencia fonética a pasar α a η cando é longo, polo que a devandita declinación se subdivide –**só no singular**, o plural en todos os casos é igual– en tres grupos. Este fenómeno afecta a substantivos e adxectivos de calquera xénero:

- 1. **Alfa puro**. Cando o alfa do tema vai precedido de ϵ, ι, ρ . A lei fonética que comentamos queda sen efecto e o α **mantense en toda a declinación**.

Por exemplo, $\sigmaυκ\acute{\epsilon}\alpha$ 'figueira', $ο\acute{\iota}κ\acute{\iota}\alpha$ 'casa', $\acute{\eta}\mu\acute{\epsilon}\rho\alpha$ 'día'.

- 2. **Tema en η** . Cando o alfa da raíz **non** vai precedido de ϵ, ι, ρ , **cámbiase en η** . Por exemplo, $κεφαλή$ 'cabeza', $ἀγαθή$ 'boa'.

- 3. Hai un terceiro tipo chamado **alfa mixto**, ou **alternante** no que dita vogal **é breve (α) no nominativo, vocativo e acusativo** e por iso se mantén nestes casos, pero en **xenitivo e dativo é longa, e pasa a η** .

Por exemplo $δόξα$ 'opinión', xenitivo $δόξης$.

Cada unha destas variantes recoñecerase observando o nominativo singular:

- a) Se un nominativo singular acaba en α e este alfa vai precedido de ϵ, ι ou ρ , dito alfa manterase en toda a declinación (alfa puro).
- b) Se un nominativo singular remata en α , pero este non vai precedido de ϵ, ι ou ρ , dito alfa manterase só en nominativo, vocativo e acusativo, pero pasará a η en xenitivo e dativo (alfa mixto).
- c) Se un nominativo singular remata en η , dito η manterase en todos os casos do singular (tema en η).

3.2. O xénero das palabras da primeira declinación

Case todas as palabras da primeira declinación son **femininas**. Son masculinos os substantivos referidos a homes e a profesións habitualmente exercidas por homes no mundo grego.

Os masculinos da primeira engaden á vogal do **nominativo do singular** un **-ς**, e substitúen a desinencia de xenitivo singular polo **ditongo -ου**. Por exemplo, nominativo ὁ νεανίας, xenitivo τοῦ νεανίου 'o mozo'; ou ben, ὁ πολίτης, xenitivo τοῦ πολίτου 'o cidadán'.

Ditas terminacións proceden da segunda declinación, que está formada na súa maior parte por substantivos masculinos.

A primeira declinación **non ten substantivos de xénero neutro**

3.3. Paradigmas da primeira declinación

A continuación dámos os paradigmas de cada un dos **femininos** da primeira.

Entre paréntese van as formas do artigo

SINGULAR				PLURAL		
CASO	Alfa puro	mixto	η	Alfa puro	mixto	η
NOMINATIVO	(ἡ) οἰκία	δόξα	κεφαλή	(αἱ) οἰκίαι	δόξαι	κεφαλαί
VOCATIVO	οἰκία	δόξα	κεφαλή	οἰκίαι	δόξαι	κεφαλαί
ACUSATIVO	(τὴν) οἰκίαν	δόξαν	κεφαλὴν	(τὰς) οἰκίας	δόξας	κεφαλὰς
XENITIVO	(τῆς) οἰκίας	δόξης	κεφαλῆς	(τῶν) οἰκιῶν	δοξῶν	κεφαλῶν
DATIVO	(τῇ) οἰκίᾳ	δόξῃ	κεφαλῇ	(ταῖς) οἰκίαις	δόξαις	κεφαλαῖς

SINGULAR			PLURAL	
CASO	Alfa puro	η	Alfa puro	η
NOMINATIVO	(ὁ) νεανίας	πολίτης	(οἱ) νεανίαι	πολίται
VOCATIVO	νεανία	πολίτα	νεανίαι	πολίται
ACUSATIVO	(τὸν) νεανίαν	πολίτην	(τοὺς) νεανίας	πολίτας
XENITIVO	(τοῦ) νεανίου	πολίτου	(τῶν) νεανιῶν	πολιτῶν
DATIVO	(τῷ) νεανίᾳ	πολίτῃ	(τοῖς) νεανίαις	πολίταις

Observacións sobre o acento nas declinacións

A tendencia do acento na declinación é manter a mesma posición que no nominativo, agás no xenitivo de plural, onde sempre ten que ir circunflexo sobre o ω. Pero esta tendencia vese alterada pola influencia de certas regras.

Cando o acento do nominativo vai na última sílaba (ex.: κεφαλή), en xenitivo e dativo debe ser circunflexo.

Hai unha lei de limitación segundo a cal o acento só pode ir na antepenúltima se a última é breve. Nos temas alternantes, α era breve no nom., voc. e acus. de sing. e por iso o acento pode ir na antepenúltima sílaba. Pero en xen. e dat. era longa e por iso o acento pasa á penúltima.

A efectos de acentuación, αι do nom. e voc. de pl. é breve.

(Ver o dito sobre o acento na unidade anterior)

3.4. Prácticas da primeira declinación

Vexamos algunhas frases sinxelas. Para observar mellor as funcións e tradución de cada caso, mantemos en galego a mesma orde do grego e logo damos a súa orde normal.

ἡ οἰκία μικρά ἐστι
a casa pequena é
a casa é pequena

αἱ οἰκίαι μικραὶ εἰσι
as casas pequenas son
as casas son pequenas

ἐστι é a 3ª sg. do pres. ind. do verbo copulativo εἶμι e εἰσι a 3ª de pl.

ἐστὶν οἰκία ἐν τῇ ἀγυῖᾳ
hai unha casa na rúa

εἰσὶν οἰκίαι ἐν τῇ ἀγυῖᾳ
hai casas na rúa

O verbo ἐστι / εἰσιν pode traducirse por hai cando non leva atributo e si un CC de lugar.

ὦ οἰκία αἰσχροῖ
casa vergoñenta!

ὦ οἰκίαι αἰσχροῖ
Casas vergoñentas!

A interxección ὦ 'ou' acompaña normalmente ao vocativo grego, pero pode non traducirse. Os vocativos soen ir entre comas.

οἰκίαν μικρὰν ἔχω
unha casa pequena teño
teño unha casa pequena

οἰκίας μικρὰς ἔχω
casas pequenas teño
teño casas pequenas

Recorda

Se un substantivo non leva artigo tradúcese cun indeterminado ou sen artigo.

ἡ τῆς οἰκίας θύρα
a da casa porta
a porta da casa

αἱ τῶς οἰκιῶς θύραι
as das casas portas
as portas das casas

Observa

O grego soe colocar o xenitivo complemento entre o artigo e o nome a o que complementa.

ἐν τῇ οἰκίᾳ θύρα ἐστὶν
na casa unha porta hai
na casa hai unha porta

ἐν ταῖς οἰκίαις θύραι εἰσὶν
nas casas portas hai
nas casas hai portas

Agora imos construír unhas frases unindo palabras dos temas en -η (κεφαλή) con outra de tema en -α pura para comparalos.

κεφαλὴ τῆς ὕδρας
unha cabeza da hidra
na casa hai unha porta

αἱ τῆς ὕδρας κεφαλαί
as cabezas da hidra
nas casas hai portas

ὦ κεφαλὴ τῆς ὕδρας
cabeza da hidra!

κεῖρει τῆς ὕδρας κεφαλὴν
corta unha cabeza da hidra

ὦ κεφαλαί τῆς ὕδρας
cabezas da hidra!

ἡ ὕδρα ἑπτα κεφαλὰς ἔχει
a hidra ten sete cabezas

Vocabulario		
<u>Substantivos femininos</u> αἰτία causa ἄκρα promontorio ἀπολογία defensa ἄρμονία harmonía, proporción βία violencia γλῶττα lingua γνώμη parecer, sentença δέσποινα dona δίκη causa xudicial, xustiza ἐκκλησία assemblea ἐλευθερία liberdade ἡλικία idade θάλαττα mar θεράπεινα criada Μοῦσα musa πέτρα roca σοφία sabedoría σωφροσύνη moderación τράπεζα mesa φιλία amizade χώρα rexión ψυχὴ alma ὥρα estación do ano	<u>Substantivos masculinos</u> δικαστής xuíz, ναύτης mariñeiro οἰκέτης servidor ὀπλίτης 'hoplita' (soldado armado con coiraza, lanza, casco y escudo) ποιητής poeta στρατιώτης soldado <u>Adxectivos</u> ἀγαθή boa ἀναγκαία necesaria δικαία xusta ἐπιτήδεια útil, vantaxosa ἐτέρα outra καλή fermosa μικρά pequena φοβερά terrible	<u>Verbos</u> ἀκούω escoitar (frecuentemente construído con xenitivo) βάλλει botar (en plural βάλλουσιν) ἐθέλω querer ἐστὶ ἐ (se leva un nominativo atributo) ou hai εἰσὶ son (se leva un nominativo atributo) ou hai κελεύω mandar λέγω dicir, falar παρασκευάζω preparar, dispoñer φέρει leva, produce (en plural φέρουσιν) <u>Palabras invariables</u> δέ e , pero ἀλλὰ pero, senón καί e οὐ(κ) ¹ non ¹ οὐ ante consoante, οὐκ ante vogal e οὐχ ante aspirada.

✓ Realiza a πράξις 2

4. O verbo grego

O presente de εἰμί e λύω

Todos os verbos gregos se dividen en dous grandes grupos: os chamados **atemáticos** (sen vogal temática) e os que unen a raíz e a desinencia mediante unha vogal (o, ε), chamados **temáticos**. Nos dicionarios recoñécense facilmente, porque os atemáticos acaban en -μι e os temáticos en -ω.

A flexión verbal chámase **conxugación**. Na conxugación grega distínguense as seguintes categorías gramaticais:

- **Persoa:** 1ª, 2ª, 3ª
- **Número:** Singular, plural e restos do dual
- **Tempo:** Presente, imperfecto, aoristo, futuro, perfecto e pluscuamperfecto
- **Voz:** Activa, media e pasiva
- **Modo:** Indicativo, subxuntivo, optativo e imperativo
- **Formas non persoais:** Infinitivo e participio

A persoa, o número e a voz márcanse con desinencias.

Vexamos agora o presente de indicativo activo do verbo copulativo **εἰμί** 'ser' e dun verbo regular **λύω** 'desatar, liberar'.

Verbo εἰμί		Verbo λύω	
εἰμί	son, estou	λύω	desato
εἶ	es, estás	λύεις	desatas
ἐστί(ν)	é, está, hai	λύει	desata
ἐσμέν	somos, estamos	λύομεν	desatamos
ἐστέ	sodes, estades	λύετε	desatades
εἰσί(ν)	son, están, hai	λύουσι(ν)	desatan

- ❖ O ν que aparece entre paréntese, chámase **eufónico** ou **efelcístico**. Úsase cando a seguinte palabra comeza por vogal ou cando é final de frase.
- ❖ Entre a raíz e as desinencias nos verbos temáticos atópase unha vogal: a **vogal temática**, que no presente de indicativo é o ou ε. Ás veces a vogal temática non se pode separar das desinencias.

✓ Realiza a πράξις 3

5. O mito grego e a literatura

É difícil entender o que era un mito na antigüidade, sobre todo, polo uso e abuso que se fixo do termo "mito" na linguaxe común para as máis variadas nocións. É posiblemente o mundo do cine -quizais polo que nel hai de imaxinación e admiración- o que máis se serve deste termo na actualidade; aínda que, claro, isto non ten demasiado que ver co "mito de Prometeo", por exemplo.

Para os gregos μῦθος **significa 'relato': unha narración** sobre calquera asunto. Pero co paso do tempo o nome de "mito" acabou reservándose para un tipo especial de relatos: os que se repiten unha e outra vez e se transmiten durante anos ou séculos porque a comunidade considera que aportan unha especie de sabedoría, un xeito de entender o mundo. Nos mitos cóntanse cousas concretas. Normalmente, un conflito protagonizado por personaxes determinados. Pero a importancia da cuestión que se trata neles (como poden ser, entre outros motivos, a orixe dunha comunidade, ou ata do mundo, conflitos familiares ou loitas polo poder, ou o enfrontamento coa morte) son considerados dignos de ser recordados e transmitidos, porque explican o mundo, porque ilustran os costumes do grupo, porque dan modelos de conduta en determinadas situacións conflitivas ou porque confiren sentido a unha cerimonia.

Os antigos supuñan que os mitos ocorreron na orixe dos tempos. O tempo do mito ha de ser diferente do noso, algo parecido ao "había unha vez" dos contos. Dada a súa importancia, os mitos formaban a miúdo parte do sacro e atopábanse vinculados a un ritual. Nos mitos do novo ano, por exemplo, en que se contaba como os deuses organizaron o mundo, pretendíase que a recitación do mito servise para facer que no ano que comezaba as cousas volvesen suceder do mesma xeito. Convértese nun elemento da cultura colectiva. Quen usa un mito sabe que conta de antemán co seu coñecemento por parte do público. Así, por exemplo, cando Sófocles escribe *Edipo rei*, conta con que o público xa sabe de antemán de que trata a obra e quen é Laio e quen o seu asasino, o que lle permite ao poeta xogar coa tensión dramática para influír no espectador.



Por iso é polo que o mito constitúe unha canteira inesgotable na literatura e nas artes plásticas, porque permite ao escritor ou ao artista plástico establecer co público un primeiro vínculo, un marco de referencia que pode recrear, negar ou variar. Ademais, requiren do espectador menor profundidade racional, facilitan a súa comprensión, mellor que as abstraccións expresadas con termos da linguaxe científica.

Un mito, con todo, é novo cada vez que se conta. Posto que non é un feito histórico e non ocorreu, o poeta ou o narrador non só pode innovar no modo de contalo (utilizar diversos xéneros literarios), senón que pode modificalo completamente: converter ao protagonista en fillo doutro personaxe ou facer que sexa o protagonista das aventuras que se atribuían a personaxes doutros mitos, para que a nova historia contada cos vellos personaxes poida significar unha cousa completamente distinta. Dada a súa eterna capacidade de adaptación, que lles permite ser sempre os mesmos, á vez que distintos, convértense en "inmortais" e nunha fonte inesgotable de inspiración literaria. Foron moitos os artistas plásticos que se serviron destes mitos para a creación das súas pinturas ou esculturas e transmitíronnos a súa visión persoal sobre eles. De aí que estes autores plásticos ou literarios non se limitan a "ilustrar" os textos, senón que operan con liberdade sobre os mitos, seleccionan un elemento importante, mesturan nunha escena momentos distintos, inventan ata novas escenas ou novos episodios. Nunha palabra, colaboran na súa eterna transformación.



Realiza a πράξις 4

6. Etapas da civilización grega I

6.1. Civilización minoica

A civilización minoica, así chamada polo nome do lendario **rei Minos**, é a primeira civilización de Europa. Desenvolveuse na illa de **Creta** -por iso tamén se lle chama cretense- desde o terceiro milenio a.C. ata mediados do II. A prosperidade da illa sustentouse nunha poderosa talasocracia (dominio do mar) dirixida principalmente desde o palacio de Cnoso -ademais doutros, como os de Festo e Hagia Tríada-, administrados por un rei con poderes políticos e relixiosos mediante unha eficaz rede de funcionarios e o uso do sistema de escritura lineal A.

6.2. Civilización aqueo-micénica


A principios do II milenio a.C. chegaron a Grecia as primeiras migracións indoeuropeas. Eles foron os creadores da primitiva lingua grega. Cara a mediados do milenio conquistaron Creta e aproveitando a civilización minoica, cuxa influencia é clara na arte e na organización administrativa, crearon a civilización micénica, que coñecemos pola arqueoloxía e, dun xeito deformada, polos poemas homéricos.

O seu centro de poder residía en palacios protexidos por sólidas fortificacións, como as de Micenas ou Tirinte, nos que residía o soberano -**wánax**-. Os gregos micénicos posiblemente foron os responsables -cando a súa civilización tocaba xa ao seu fin- da expedición contra Troia.

Desde mediados do segundo milenio a.C. foron entrando en Grecia os xonios e eolios que se estableceron ao norte de Grecia, en Tesalia, na Ática e nas costas occidentais de Asia Menor.

6.3. Período arcaico (1100-500 a.C.)

A finais do segundo milenio a.C. chegan a Grecia os dorios, os últimos indoeuropeos. A civilización micénica desaparece, deixando tres séculos de decadencia que se coñecen como "idade escura". Os antigos reinos micénicos foron substituídos por *póleis*, territorios independentes e autónomos. A sociedade estaba formada polos nobres (*eupátridas*), donos das terras e do poder, os artesáns e os campesiños. Cada unha destas clases sociais tiña unha organización familiar baseada no *génos* (orixe familiar común). Ademais había escravos (por nacemento, botín de guerra ou por débedas). Como consecuencia de en-



frontamentos civís ou do crecemento demográfico, inícianse movementos migratorios que orixinan a fundación de numerosas *colonias* e *emporios* (enclaves comerciais) ao sur de Italia, costas de Sicilia, do sur de Francia e do leste de España, de Tracia e do Ponto Euxino (Mar Negro).

Aparece como forma de goberno unipersoal a **tiranía** en Sición, Corinto, Mégara e, algo máis tarde, en Atenas. Trátase dunha forma de goberno na que un nobre se fai co poder e domina sobre os demais nobres, perseguindo ou expulsando aos que lle disputan a primacía.

Ver o cadro xeral das etapas da historia da Grecia antiga ao final da unidade.

6.4. Atenas

O primeiro lexislador de Atenas é **Dracón**, que a finais do século VII a.C. impón un código dunha dureza que se fixo proverbial. Con todo, estas leis non acabaron coas revoltas sociais, e cara a 594 a.C., os atenienses elixiron arconte a **Solón** como árbitro dos seus litixios sociais. Sólón aboliu a escravitude por débedas, que condenou aos pequenos campesiños. Organizou a poboación en catro clases (*pentacosiomedimnos*, *triacosiomedimnos* ou *hippeis*, *zeugitas* e *tetes*) baseadas na posesión de bens.

Entre as dúas primeiras elixíanse **nove arcontes**. Estableceu reunións periódicas da **ekklesia** (assemblea popular) e creou a **bulé**, consello formado por catrocentos cidadáns das tres primeiras categorías. O consello do **Areópago**, formado polos ex-arcontes, quedou coas funcións de protección das leis, que incluía o dereito de veto sobre novas leis, a de xulgar e castigar aos acusados de homicidio premeditado, de incendios, e a de regular asuntos relixiosos, pero a súa función política fundamental era someter a exame (*dokimasía*) aos novos maxistrados antes de asumir o seu mandato e na rendición de contas ao final. Este réxime coñécese como **timocracia**, e nel os **tetes** (os cidadáns da clase economicamente máis baixa) non teñen máis dereitos que o voto na ekklesia e participar como xurados **no tribunal da Heliea**. A timocracia terminou co predominio político da aristocracia dos eupátridas e facilitou as reformas democráticas posteriores.

En 561 a.C. un ateniense da nobreza, **Pisístrato**, soubo gañarse ao pobo realizando obras públicas que contribuíron a embelecer a cidade e dar traballo ás clases sociais menos favorecidas e reforzando o seu sentimento de cidadanía ao elevar a categoría de "nacionais" as festas e os cultos localistas. Alcanzan así recoñecemento pleno as Panateneas, festas en honra de Atenea; as Dionisias, dedicadas a Dioniso; e as Eleusinas, en honra de Deméter. Pero a Pisístrato sucedéronlle os seus fillos, Hiparco e Hippias, cuxo talento e visión po-

lítica nada tiñan que ver cos do pai. O resultado foi que o primeiro morreu asasinado en 514 a.C., e ao segundo expulsárono en 510 a.C.

O aristócrata **Clístenes** impúxose aos desexos de Iságoras de que a nobreza recuperase o seu poder anterior a Solón, e deseñou unha organización social que orientou os pasos dos atenienses cara á democracia.

Creou dez tribos baseadas no territorio. Dividiu a Ática en tres zonas: cidade, costa e campo, e dividiu cada unha destas zonas en dez distritos e dentro de cada tribo creou **demo**s rexidos por un **demarco**. Cada tribo designaba cincuenta conselleiros que constituían unha pritanía, e o conxunto das dez pritanías formaba o **Consello dos Cincocentos ou bulé**, ao que só accedían os membros das tres primeiras categorías de Solón. A Bulé elaboraba os proxectos de lei que eran aprobados pola **ekklesía**. Cada tribo tamén elixía un **estratego**. Na **ekklesía** (assemblea popular) participan todos os cidadáns homes maiores de idade.

6.5. Esparta

A poboación espartana atribuíu a orixe da súa lexislación a **Licurgo** (un personaxe quizá inventado no s. VI a.C. pola aristocracia espartana, para dar aire de antigüidade ás leis tradicionais -ῥῆτραι- orais e anónimas).

Segundo nos confirman as fontes, a formación da sociedade espartana estivo directamente vinculada ás **guerras mesenias**. Quizais esta loita con Mesenia produciu o cambio da sociedade espartana, aberta e culta, á pechada e militarista do século V a.C.

Os espartanos tiñan un sistema político aristocrático rexido por dous reis (**diarquía**) e un colexio de cinco **éforos**. O pobo estaba representado nunha assemblea popular chamada **apella** da que formaban parte todos os cidadáns maiores de 30 anos e un senado, **xerulsía**, constituído por 28 cidadáns de máis de 60 anos de idade e os dous reis.

A sociedade espartana estaba dividida en clases ben diferenciadas: **os espartiatas**, cidadáns con plenos dereitos, **os hilotas**, escravos do estado e servos da gleba ao servizo dos espartiatas, e **os periecos** que non tiñan dereitos políticos, pero si liberdade persoal e podían exercer as súas profesións e adquirir propiedades.



Realiza a πράξις 5

7. A influencia do vocabulario grego

7.1. Aínda falamos grego

A lingua grega tivo e ten unha importancia extraordinaria na historia de Occidente.

Ademais de ser a lingua en que se escribiron obras mestras da literatura universal, modelo para as literaturas posteriores, e na que expresaron o seu pensamento os primeiros filósofos, o grego foi tamén lingua da ciencia, e por iso a fonte da súa terminoloxía.

Pero, ademais da súa persistencia como lingua moderna, o vocabulario do grego vive noutras linguas, en forma de herdanza léxica e cultural. Non só a actual terminoloxía das matemáticas, dos medicamentos, das ciencias naturais, da física, da química ou da retórica, procede en grandísima medida do grego, senón ata moitas palabras da linguaxe común seguen sendo basicamente iguais a como eran en grego antigo. Os autores latinos aceptaron ou traduciron a terminoloxía grega nas súas creacións científicas, nos seus textos filosóficos, na súa retórica, tanto polo prestixio cultural do grego como pola falta de tal terminoloxía na súa propia lingua. O mesmo proceder, aínda que atenuado, mantívose nas linguas modernas grazas á gran facilidade do grego para a composición e derivación, que permite, aínda hoxe, crear termos sumamente precisos.

Por exemplo, en inglés hai centenaes de palabras de orixe grega, como *physical* 'físico' ou *photography* 'fotografía', a pesar de que o inglés non deriva do latín. Con moita frecuencia o grego creaba termos científicos a partir de palabras de uso corrente. Nas linguas modernas a miúdo herdouse o termo técnico, pero sen relación co seu senso orixinal. Por exemplo, *isósceles*, ing. *isosceles*, franc. *Isocèle*, é unha palabra técnica, que designa o triángulo que ten dous lados iguais. En grego significaba exactamente o mesmo, pero a palabra estaba formada a partir de dous termos correntes, un *-ἴσος-* que significa 'igual' e outro *-σκελος-* que significa 'perna', 'pata'.

A un neno grego, sen dúbida ningunha, custáballe menos que ao de hoxe en día aprender o termo *isósceles*, xa que na súa lingua significaba 'que ten as pernas iguais', e daquela imaxinaba o triángulo *isósceles* como unha persoa coas pernas abertas.

O estudo da orixe das palabras e das súas transformacións é unha parte fundamental da historia da cultura. Coñecer a historia das palabras é coñecer a evolución do pensamento e afondar no xeito que temos de entender o mundo.

7.2. A etimoloxía

As palabras, como as persoas, teñen a súa propia vida, e a etimoloxía é a súa "biografía autorizada". A etimoloxía é a ciencia que estuda a orixe verdadeira das palabras.

O seu estudo permite, sobre todo, dúas cousas: coñecer a súa evolución histórica -fonética e semántica-, e pescudar, ou polo menos achegarse ao significado das descoñecidas sen o uso do dicionario; ambas as cousas melloran o nivel léxico e facilitan a comprensión e a expresión.

Para establecer con rigor o étimo -a orixe verdadeira- dunha palabra, este será explicado en dobre vertente: fonética e semántica. Escollamos por exemplo a palabra *bioloxía*. Trátase dun substantivo de orixe grega composto de dúas palabras (*bios* e *logos*). Agora ben, en grego hai un nome, βίος, que significa 'vida', e outro, βίος, que significa 'arco', conque, desde o punto de vista fonético, calquera dos dous podería ser o que estamos buscando; pero, claro, βίος 'arco' non se corresponde co significado de *bioloxía* (ciencia que estuda os seres vivos, non ciencia que estuda a fabricación ou uso dos arcos), de modo que queda claro que βίος é, e non βίος, o étimo que convén neste caso.



Realiza a πράξις 5

➤ REALIZA ACTIVIDADES DE REPASO